

Inspección de Trabajo reconece irregularidades da Consellaría na protección da saúde laboral nos centros

A Inspección dálle de prazo á administración até o 16 de decembro para achegar toda a documentación que xustifique a corrección das deficiencias contrastadas tras as denuncias do sindicato.

Nun requirimento remitido pola Inspección de Trabajo e da Seguridade Social (ITSS) á Consellaría de Educaciónponse negro sobre branco que a Consellaría de Educación arrastra desde o comezo de curso diversas deficiencias e incorreccións, desde a perspectiva da protección da saúde do persoal que traballa ao seu cargo nos centros educativos. A resolución da Inspección de Trabajo chega logo de dúas denuncias presentadas pola CIG, centradas no persoal docente e non docente, polo incumprimento da lei de prevención de riscos laborais e a desprotección da saúde de quen traballamos nas escolas e institutos do país.

Estes son os puntos máis destacados do informe da Inspección:

A Consellaría non ten capacidade para a vixilancia e protección da saúde do seu persoal. A Inspección de Trabajo confirma que a Consellaría de Educación se declarou incapaz de asumir cos seus propios medios a elaboración de avaliacións específicas de exposición á covid-19. Esta realidade foi denunciada reiteradamente pola CIG-Ensino dada a insuficiencia e incapacidade dos servizos de prevención provinciais propios debido á escasa dotación de persoal, a paralización absoluta dos comités de seguridade e saúde laboral e a propia desidia da Consellaría en todo o que ten a ver coa protección da saúde do persoal.

A Consellaría permitiu que CUALTIS, empresa contratada para a realización de plans, se desentendese da elaboración de avaliacións propias e diferentes de cada centro.



Queda demostrado no informe da ITSS que non se fixeron avaliacións específicas nos centros. A “imposibilidade” para asumir directamente o traballo foi a escusa da Consellaría para a contratación da empresa CUALTIS. A Inspección de Trabajo desvela que as “avaliacións específicas” que lle foron entregadas por esta empresa teñen un “contido idéntico” agás peculiaridades intrínsecas de cada centro (número de aulas, entradas e saídas...) que non gardan relación coa adopción de medidas a adoptar recollidas no protocolo e na avaliación. É dicir, CUALTIS non elaborou ningunha avaliación específica centro a centro, nin tan sequera por tipoloxía destes, senón que fixo un “corta e pega” con informes idénticos desde o punto de vista da prevención da saúde.

A Consellaría pretende lavarse as mans e responsabiliza os centros educativos das deficiencias nos Plans de adaptación á covid-19. A administración, segundo se recolle na resolución da ITSS, xustificou as incorreccións dos Plans de cada centro na “responsabilidade de cada centro” na adaptación dos “plans modelo” elaborados por CUALTIS, aludindo expresamente á “autonomía de xestión dos centros”.

A Inspección de Traballo detecta contradicións no Protocolo da Consellaría e indica que a administración debe dotar de EPIs a todos os centros. Na resolución, a Inspección de Traballo deixa constancia de que os plans entregados non están actualizados ás propias normas impostas pola administración e sinala como o propio Protocolo entra en contradición con recomendacións das autoridades sanitarias e outros protocolos elaborados para outros ámbitos laborais:

- Remárcanse, por exemplo, incoherencias nas indicacións de uso de máscaras cirúrxicas ou FFP2 cando se acompaña a persoas con síntomas compatíbeis coa covid-19.
- Non se establecen as características técnicas de batas desbotábeis malia seren EPIs e nin tan sequera se chegan a mencionar no Protocolo xeral da Consellaría nin nos entregados pola empresa privada.
- Aínda que se mencionas as luvas de nitrilo nalgúns casos (persoal de limpeza) non aparece en ningún caso as normas que deben cumprir.
- Destaca a contradición entre o material de protección que debe usar o persoal de acompañamento a un alumno con síntomas (“só con máscara cirúrxica) e o que ten que usar o persoal de limpeza (“EPIs pertinentes, máscara FFP2 e luvas de protección”).

A resolución confirma incoherencias na definición do nivel de risco e a incerteza sobre a verdadeira exposición a este do persoal dos centros educativos. Así, pode lerse no informe da ITSS que “se fai depender a valoración da exposición dos traballadores de certas condicións que non sempre poden darse, o que implica incerteza sobre a verdadeira exposición á que se encontran sometidos os traballadores do centro”. Tamén se afirma que “non se concretan cales son as tarefas posíbeis nas que o risco por exposición se agrava”, o que fai necesario, para a Inspección de Traballo, “unha valoración sobre o nivel de exposición do traballador e sobre a necesidade de dotalo dos EPIs pertinentes (cando menos das vías respiratorias de nivel FFP2 para aquelas tarefas de maior risco)”, coincidindo exactamente coa demanda que desde a CIG-Ensino vimos facendo desde hai meses e que a Consellaría se nega a aplicar. Á hora de identificar esa maior exposición ao risco, na resolución cítase expresamente non só a quen ten que acompañar a alumnado con síntomas senón tamén a docentes de

Audición e Linguaxe ou persoal coidador que atende a alumnado con NEE.

A Inspección de Traballo indica que é necesaria unha maior concreción para poder determinar cando se fai preciso o emprego de EPIs de protección biolóxica, o que confirma o que desde a CIG denunciámos en relación a desprotección á que nos leva a irresponsabilidade da Consellaría.

A irresponsabilidade da Consellaría, ao descuberto: non sabe, non contesta. No informe pode confirmarse o nivel de irresponsabilidade da administración, ao afirmar esta que “descoñece se os EPIs se atopan ou non a disposición do persoal dos centros”, alegando que “en virtude do principio de autonomía de cada centro, corresponde ao orzamento asignado ao mesmo, o proceder á adquisición dos EPIs pertinentes.” Toda unha declaración da evasión da responsabilidade na que está instalada a Xunta desde o comezo da pandemia e especialmente desde o comezo de curso.

A Consellaría ocúltalle información á Inspección de Traballo. Malia terlle reiterado a necesidade de xustificar a entrega de máscaras FFP2, a Xunta non aportou ningunha documentación, obviamente porque non existe. Neste sentido a Inspección tamén afirma que existen incongruencias nas avaliacións feitas por CUALTIS, confundindo máscaras hixiénicas (as tan criticadas do “sentidiño” pola baixa calidade) con cirúrxicas, cando son claramente diferentes.

O profesorado que solicita a consideración de vulnerábel, desprezado pola Consellaría. Só de desprezo se pode cualificar a afirmación de que non foi até o 6 de outubro cando, pola incapacidade de dar resposta ás solicitudes feitas, se lle encomendou estas valoracións á empresa CUALTIS, cunha contrata limitada a 850 valoracións. No informe da Inspección a Consellaría chega a afirmar que non pode facilitar datos sobre posíbeis adaptacións de postos de traballo para docentes vulnerábeis xa que “a adaptación corresponde a cada centro”. Fronte a este intento de cargar a responsabilidade nas direccións, a resolución da Inspección de Traballo é contundente: **“NON É RESPONSABILIDADE DE CADA UN DOS CENTROS SENÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN...PROCEDER A ELABORAR A NECESARIA ADAPTACIÓN DO POSTO DE TRABALLO”.**



A formación para a protección da saúde é insuficiente. A Inspección de Traballo constata que non se pode acreditar, pola información dada pola Consellaría, que a totalidade do persoal docente e non docente teña recibido a formación pertinente e indica que se debe organizar pola Consellaría novas xornadas formativas, incidindo especialmente nos equipos covid-19.

A Consellaría deberá xustificar a suficiencia do persoal de limpeza. Despois da denuncia e o conflito colectivo interposto pola CIG, a Consellaría procedeu a reforzar o persoal de limpeza en 77 centros, sen que a administración aportase máis datos sobre número de persoas contratada e a que centros se destinan, polo que a Inspección solicita eses datos para poder xustificar ou non a suficiencia do persoal de limpeza.

A Inspección de Traballo censura a ausencia de negociación cos sindicatos. Na resolución queda confirmada a denuncia da CIG dunha total ausencia de negociación por parte da Consellaría nos cambios dos protocolos e na adaptacións destes aos diferentes centros. Así, afirmase que os responsábeis de Educación foron incapaces de “concretar ningunha data de reunión nin plan de acción ao respecto para lograr un acordo” coa representación dos e das traballadoras sobre os plans de continuidade correspondente a cada centro.

Por tal motivo, a Inspección indícalle á Consellaría que debe “convocar as reunións que resulten precisas para acordar os plans de continuidade e as modificacións que resulten precisas nos protocolos e plans de continxencias”.

AFÍLIATE PARA SERMOS MÁIS FORTES

Os requirimentos que a Inspección de Traballo lle traslada á Consellaría, e dos que terá que dar conta á propia Inspección o día 16 de decembro, son os seguintes:

1. *Revisión da avaliación específica da exposición á COVID elaborada por CUALTIS, diferenciando aquelas tarefas de maior risco, ou as peculiaridades de determinadas actividades desenvolvidas no ámbito das necesidades educativas especiais como persoal coidador, audición e linguaxe...*
2. *Ao respecto da valoración do persoal especialmente vulnerábel, leva-ranse a cabo as adaptacións de posto de traballo que procedan.*
3. *Planificación resultante da análise do Anexo IX do protocolo remitido por cada un dos centros, coa debida comunicación á representación legal dos traballadores (RLT), achegando algún exemplo por cada tipo de centro dependente da Consellería.*
4. *Revisión das avaliacións tipo elaboradas por CUALTIS e dos Plans específicos de cada centro para adaptalos á última versión do Protocolo aprobado por Educación e Sanidade, tendo en conta as modificacións propostas por esta Inspección.*
5. *Resolveranse as incongruencias sobre os EPIs a empregar nas tarefas de acompañamento a persoas con posíbeis síntomas compatibles coa COVID á Sala de Illamento, tendo en conta as circunstancias reflectidas sobre o posíbel uso deficiente da máscara por alumnado de corta idade, imposibilidade de manter distancias de seguridade, Debendo de velar a Consellería pola existencia en cada centro dos EPIS pertinentes (incluírase apartado ao respecto no Anexo IX do Protocolo), aportando ficha técnica deles, que xustifique a súa idoneidade.*
6. *Resolveranse as diversas referencias aos medios de protección a em-pregar polos traballadores e traballadoras, indicando expresamente se deben ser cirúrxicas o hixiénicas reutilizábeis, garantindo a Consellería la posta a disposición das e dos traballadores das que sexan pertinentes, achegando acreditación do cumprimento da norma UNE correspondente.*
7. *Xustificarase o cumprimento das medidas requiridas no relativo a formación e reforzo de limpeza.*
8. *Respectaranse escrupulosamente os dereitos de información, consulta e participación cos sindicatos (a RLT)... informando debi-damente das medidas adoptadas en cumprimento da presente proposta de requirimento practicada.*

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal